

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 5, 31-47

Naquel tempo, díxolles Xesús ós xudeus:

– «Se eu fose testemuña en causa propia, o meu testemuño non tería validez. Pero é outro o que testemuña a favor de min e eu sei que é valedoiro o testemuño que dá de min.

Vós mandastes xente a preguntarlle a Xoán e el deu testemuño da verdade. Non é que eu apele ó testemuño dos homes, pero lémbrovos isto pola vosa salvación. Xoán era o facho que ardía e alumaba, e vós quixestes gozar un instante da súa luz.

Mais eu teño un testemuño máis importante có de Xoán, pois as obras que o Pai me encargou de levar a cabo, esas obras que eu fago, dan fe de que eu son un mandado do Pai.

E o Pai, que me mandou, dá testemuño en favor de min. Pero vós nin oístes nunca a súa voz, nin vistes o seu rostro e tampouco conservades a súa palabra en vós, porque non credes naquel que El mandou.

Estudiades as Escrituras, coidando que nelas tedes vida eterna: pois esas son as que testemuñan a favor meu e vós non queredes vir a min, e así ter vida.

Non é que eu espere gloria dos homes; pero ben me decato de que vós non tedes dentro o amor de Deus. Eu veño no nome do meu Pai e non me recibides; se outro vén no seu propio nome, a ese habedes de recibilo.

¿Como ides poder crer vós, que vos dades honra uns a outros e non procurades a gloria que vén do único Deus? Non coidedes que vos hei acusar ó Pai: quen vos acusa é Moisés, ese no que vós tedes a esperanza. Pois se vós creredes a Moisés, habiades crer tamén en min, xa que de min escribiu el. Mais se non fiades nos seus escritos, ¿como ides crer nas miñas palabras?»